



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 12 de maio de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ (FASE II). EXPTE. 4095/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 05/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/04/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2017 09:54

Páxina 1 de 3

Expediente 4095/440

Código de verificación: 23E34-B342A-2322E-E8E2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)" na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,15
2	EXTRACO, S.A.	92,62
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,31
4	ORECO, S.A.	91,09
5	MISTURAS, S.A.	91,04
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/05/2017 09:54

Páxina 2 de 3

Expediente 4095/440

Código de verificación: 23E34-B342A-2322E-E8E2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 9 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440) por un prezo total de 755.780,52 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 131.168,52 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/05/2017 09:54	Páxina 3 de 3
Expediente 4095/440	Código de verificación: 23E34-B342A-2322E-E8E2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		